

SHIRIN EBADI

Shirin Ebadi naceu en Hamadán, Irán, en 1947. Herdou do seu pai, mestre de Dereito Comercial, a paixón pola avogacía e en 1968 graduouse como avogada na Universidade de Teherán. Ao ano seguinte, con 23 anos, converteuse nunha das primeiras xuízas do seu país. Continuou estudando e en 1971 obtivo un Mestrado en Dereito Privado. Catro anos máis tarde, foi a primeira muller iraniana en presidir un tribunal, cargo que ostentou entre 1975 e 1979.

Mais o triunfo da Revolución Islámica liderada polo Ayatolá Jomeini en febreiro de 1979 truncou a carreira de Ebadi. A instauración do réxime teocrático en Irán prohibiu exercer ás mulleres como xuízas, destinándoas a traballos administrativos. Ebadi foi designada secretaria do mesmo tribunal que anteriormente presidía. Protestou e obtivo unha promoción como Conselleira no Ministerio de Xustiza. Insatisfeita, solicitou unha xubilación anticipada que lle foi concedida.

A clausura do Colexio de Avogados, decretada polas autoridades revolucionarias, impediu a Ebadi exercer a avogacía ata o ano 1992, cando puido abrir un despacho propio. Durante esa longa noite de pedra, escribiu libros e publicou numerosos artigos en publicacións iranianas.

Como avogada, Ebadi loitou polos dereitos das mulleres e das crianzas e pola liberdade das persoas que se opuñan ao réxime. Defendeu aos presos políticos e o seu nome comezou a estar asociado a algúns dos procesos máis polémicos e de máis repercusión social do país. Defendeu a familias de escritores e intelectuais asasinados polo goberno dos *ayatolás*, levou temas de maltrato infantil e asumiu a causa dun estudante asasinado polas milicias.

Nesta etapa, na que tamén compaxinou a avogacía co ensino na Universidade, o seu activismo levouna a fundar en 1995 a *Asociación de Defensa de los Derechos de la Infancia* e seis anos despois, o *Centro de Defensores de los Derechos Humanos*, co obxectivo de proporcionar defensa legal gratuíta aos perseguidos por motivos de conciencia e políticos e informar sobre os casos de violacións dos Dereitos Humanos en Irán. Dito Centro foi pechado polo goberno en 2008.

Polos seus esforzos pola democracia e os Dereitos Humanos, centrándose especialmente na loita polos dereitos das mulleres e das crianzas, Shirin Ebadi foi galardoada co Premio Nobel da Paz no ano 2003. Como xesto simbólico da súa férrea oposición ao réxime iraniano, acudiu a recoller o premio sen cubrir a cabeza, desafiando a obriga que a lei islámica lle impón ás mulleres.

Shirin Ebadi foi encarcerada por vez primeira en 1999 e novamente procesada en 2009 por criticar a República Islámica. As forzas de seguridade irromperon na súa oficina, o goberno conxelou as súas contas bancarias e confiscou os seus activos. Desde entón vive no exilio, fóra de Irán. En 2012 estableceu en Londres o *Centro*

para Defensores dos Dereitos Humanos, a través do cal continúa as súas actividades de promoción dos Dereitos Humanos en Irán e nos países islámicos.

Aitana Sánchez Mecke

4º ESO B